

1. Le o rexistro que elaborou Ismael e responde as preguntas.

A MIÑA ÚLTIMA LECTURA			
TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL	PÁXINAS
O tesouro da Lagoa de Reid'Is	Agustín Agra	Edicións Xerais	88
Data de inicio da lectura		Data de final da lectura	
28 de setembro		11 de outubro	
Argumento	Aldara e Paulo pasan as vacacións de verán cos seus avós na Casa de Outeiro en Viladomar de Cabodomundo. O avó contálles a súa aventura na busca dun tesouro fabuloso afundido na Lagoa da Praia de Mardefora, á altura da Gran Duna, onde hai moito tempo quedara asolagada a cidade de Reid'Is.		
Opinión	É un libro moi emocionante!! Encantoume o xeito en que o avó lles vai contando a Aldara e Paulo todas as súas aventuras para atopar a cidade asolagada. Lembroume moito tamén a novela <i>A illa do tesouro</i> , que é unha das miñas favoritas. E tamén dá un aire á película <i>Atlantis</i> . Gocei moito lendo este libro. De seguro que o volverei ler de novo!		

- a. Como se chama o libro que leu? Quen é o seu autor?

.....

.....

- b. Que opinión ten do libro? Coidas que lle gustou?

.....

.....

.....

- c. Rodea as partes do rexistro seguindo este código de cor.

DATOS DO LIBRO

DATOS DA LECTURA

OPINIÓN

2. Ordena as partes deste texto para que teña sentido.

Trátase de *Irene en América Central*, onde, a través dos contos da protagonista, podemos coñecer como viven outros nenos do mundo, que comen, que estudan...

O sábado 21 rematei de ler a miña última lectura.

Creo que é un libro estupendo e divertido para recomendarlles a todos os nenos e co que se aprende moito.

- En que parte dun rexistro incluírías cada unha?

DATOS DO LIBRO

Texto número

DATOS DA LECTURA

Texto número

OPINIÓN

Texto número

3. De que xeitos poderías representar nun rexistro as seguintes opinións? Debuxa símbolos distintos en cada caso.

É o mellor libro que lín en toda a miña vida!

Gocei moito do filme, aínda que me pareceu un chisco longo de máis.

4. Ademais de libros e películas, de que outras cousas se che ocorre que poderíamos elaborar un rexistro?

.....

.....